

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 23 DE XANEIRO DE 2008.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 13 horas do día 23 de xaneiro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA , VERBO DA VÍA DE ALTA CAPACIDADE FERROL-SAN CIBRAO E A SÚA CONEXIÓN COA AUTOVÍA DO CANTÁBRICO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta da proposta da Alcaldía, do epígrafe, que a seguir se transcribe:

“ José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle

corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte PROPOSICION:

A Vía de Alta Capacidade de Ferrol-San Cibrao é unha infraestrutura que conectará as comarcas de Ferrolterra, Ortegal e a Mariña lucense e estas coa autovía do Cantábrico (A-8), polo que é unha obra de interese prioritario para este Concello, xa que se é un feito demostrado que as boas infraestruturas son un dos motores imprescindibles para dinamizar social e economicamente calquera comarca, para o desenvolvemento industrial e a potenciación do noso turismo é totalmente necesario que as vías de comunicación cara ó resto de Galicia e a España sexan adecuadas e acordos co século XXI, polo que a posta en funcionamento deste corredor, no menor tempo posible, debe ser un obxectivo polo que debemos loitar.

Neste senso, de acadar que a Vía de Alta Capacidade de Ferrol-San Cibrao sexa unha realidade nun futuro próximo, o que nun principio non parece moi factible se se ten en conta:

1.-Que transcuriron casi tres anos de legislatura do goberno bipartito en Galicia cun claro incumprimento sistemático das promesas efectuadas, e o que é peor, de falta de execución do investimento comprometido para esta Vía nos últimos exercicios.

2.-Que nos presupostos do presente ano 2008 -que son os terceiros aprobados polo presente goberno autonómico-, consígnase para a VAC tan só 3,7 millóns de euros, isto é un 92,35% inferior ao que en 2007 se comprometeran a investir no ano 2008, ou o que o mesmo, 33,4 millóns de euros menos

3.- Que para que, por un lado, solicitar o incremento do importe consignado no presuposto da Xunta de Galicia do ano actual para VAC e, por outro, garantir que as partidas orzamentarias previstas e as actuacións pendentes se executasen na súa totalidade, os concellos afectados levamos a cabo as seguintes reunións:

- O día 31 de outubro de 2007 no Concello de Ortigueira, xuntanza dos concellos da Comarca (Cerdido, Moeche, Mañón, As Somozas, San Sadurniño e Ortigueira) na que se fixo patente a preocupación e malestar polo escaso investimento previsto para a construción do VAC acordando solicitar unha entrevista ca Conselleira de Política Territorial, cos voceiros dos tres grupos políticos con representación no Parlamento Galego e solicitar aos concellos da provincia de Lugo afectados polo trazado que se sumasen as dúas propostas anteriores, respondendo éstos positivamente
- O día 13 de novembro de 2007, representantes dos Concellos de Cerdido, Moeche, Mañón, Somozas, Vicedo, Xove e Ortigueira tivemos a reunión con don Alberto Nuñez Feijoo voceiro do Partido Popular e o día 16 do mesmo mes, ademais de ditos representantes os de Viveiro e Cervo, con don Ismael Rego González voceiro do PSOE-PSG onde expresamos a nosa preocupación e malestar polo retraso na execución das obras da VAC.
- O día 29 de novembro de 2007, reunión dos Alcaldes no Concello de Vicedo.
- O día 3 de decembro de 2007, tivemos a reunión coa Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte.
- O día 27 de decembro de 2007 celebrouse outra reunión no Concello de Cerdido.

4.- A pesar de todas estas xestións e demandas, o Goberno autonómico aproba o orzamento para o ano 2008 cas previsións que nun principio tiña para VAC, sen incremento algún e sen aceptar nen contemplar ningunha das enmendadas presentadas relativas aos investimentos para o corredor, o que nos leva a pensar que se atrasará, o inicio das obras, e a súa posta en funcionamento ata máis alá do 2016, o que, sen lugar a dubida, será altamente prexudicial para as Comarcas de Ferrolterra, Ortegal e a Mariña lucense, xa que suporá un gran obstáculo para o noso progreso e desenvolvemento económico, social e turístico, condenandos por máis tempo ao illamento co exterior.

Considerando que debemos levar a cabo todas as actuacións que sexan necesarias e convintes para a consecución da Vía de Alta Capacidade, no uso das atribucións que me están conferidas na vixente normativa de réxime local, propono ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Apoiar e participar na concentración cidadán que terá lugar o próximo día 17 de febreiro de 2008, as doce horas, no Concello de Vicedo para manifestar as nosas queixas pola falla de compromisos por parte do goberno da Xunta de Galicia ca infraestrutura da Vía de Alta Capacidade de Ferrol-San Cibrao.

Segundo.- Instar ás Cámaras de Comercio, Asociacións de Empresarios, Cofradías de Pescadores así como a outras entidades e colectivos afectados e que se sintan perxudicados polo retraso da posta en funcionamento da VAC para que apoiem a citada manifestación.

Terceiro.- Instar ao Ministerio de Fomento e á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia a axilizar ao máximo os trámites administrativos pendentes, incluído un maior esforzo orzamentario, de tal xeito que logremos que o remate das obras non se prolongue máis alá do ano 2011 (aínda que nun principio debería estar rematada no ano 2010 se o actual goberno autonómico cumpriese as súas promesas)

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia, a Sra. Conselleira de Política Territorial Obras Públicas e Transportes, e ao Ministerio de Fomento do Goberno de España.

Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime pertinente.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que tanto a mobilización cidadán prevista para o vindeiro 17 de febreiro como o debate e aprobación “se é o caso” da proposta do epígrafe, está plenamente xustificada á vista do brutal recorte das consignacións presupostarias destinadas á V.A.C. Ferrol-San Cibrao, que aparecen reflectidas nos orzamentos para o exercicio 2008, recentemente aprobados pola Xunta de Galicia.

Sinala o Sr. Alcalde que nos presupostos do exercicio anterior, e dicir os do ano 2007, aprobados polo mesmo Goberno autonómico, se prevía unhas inversións plurianuais tendentes a ter rematada a V.A.C. Ferrol-San Cibrao no ano 2011, e daquela, para o ano 2008 figuraban unhas inversións de 37 millóns de Euros, sen embargo nos presupostos do ano 2008, atopámonos coa desagradable sorpresa de que dunha parte, a inversión prevista para o ano 2008 descende de 37 millóns de Euros a 3,7 millóns de Euros; e doutra parte, o prazo previsto para a finalización da obra (ano 2011) xa non se garante, posto que no calendario de orzamento plurianual, como consecuencia da redución brutal de inversións, xa se empeza a falar dos anos 2011 e seguintes.

Remata a intervención o Sr. Alcalde, sinalando que o ritmo de inversións que actualmente se manexa pola Xunta de Galicia, a V.A.C. Ferrol-San Cibrao, no mellor dos casos, non estaría rematada ata polo menos o ano 2016.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que a proposta do Sr. Alcalde, e en consecuencia do Partido Popular, reflicte un oportunismo, un electoralismo e un descoñecemento absoluto, ou polo menos, unha amnesia interesada respecto dun tema como a execución da obra da V.A.C. Ferrol-San Cibrao, que evidentemente, todo o mundo con un mínimo sentido, recoñece que é unha infraestrutura vital para o desenvolvemento socioeconómico de tódalas comarcas da Cornixa Cantábrica de Galicia.

Sinala o Sr. Pernas Rodríguez, que o PP Galego, en xeral, e especialmente o seu actual Presidente, o Sr. Núñez Feijóo, non teñen lexitimidade moral para vir solicitando apoios para unhas mobilizacións que teñen por obxectivo axiliza-la construción da V.A.C. Ferrol-San Cibrao, cando hai 4 anos, ese mesmo partido é moi especialmente o Sr. Núñez Feijóo, que daquela ostentaba nada mais nin nada menos que o cargo de Conselleiro de Obras públicas na Xunta de Galicia, non só non apoiou a construción da V.A.C. Ferrol-San Cibrao, senón que adicou todos os seus esforzos a boicotear unha iniciativa que contaba co apoio de tódalas forzas políticas e sociais das comarcas afectadas; de feito, esa impresentable actitude do Sr. Núñez Feijóo foi un dos motivos que levaron a abandonar o Partido Popular a tódolos integrantes do Grupo de Goberno da anterior lexislatura.

Remata o súa intervención o Sr. Pernas Rodríguez, manifestando que os compoñentes do Grupo Municipal de AVEXO, consideraron, consideran, e considerarán a execución da V.A.C. Ferrol-San Cibrao, como unha das infraestruturas absolutamente imprescindibles para o desenvolvemento socioeconómico da zona, pero dito isto; non poden de ningún xeito apoiar unha proposta que vindo de quen ven, causa bochorno polo seu oportunismo, e electoralismo.

Polo Sr. Alcalde manifestase que esta moción ten como único obxectivo, intentar a execución da V.A.C. Ferrol-San Cibrao no prazo mais breve posible, e para elo, o único que se pide é que o actual goberno da Xunta de Galicia respecte, cando menos os seus propios compromisos de inversións, reflectidos nos presupostos do ano pasado.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, manifestando que mirar ó pasado, e limitarse a facer historia de agravios e incumprimentos; non serve para nada e non soluciona nada.

Polo Sr. Fernández Bouza, manifestase que o oportunismo e electoralismo da proposta obxecto de debate, e mais que evidente, engadindo, doutra banda, que o Sr. Alcalde non pode desdobrar a súa personalidade, de xeito que como Alcalde poida manter unha postura, e como membro mais que cualificado do Partido Popular, poda defender ou asumir a postura contraria.

Sinala o Sr. Fernández Bouza, que o problema da V.A.C. Ferrol-San Cibrao, ten a súa orixe no momento que en Madrid, se aproba o trazado por Galicia da nomeada Autovía do Cantábrico; trazado que deixaba illadas e marxinadas, a tódalas comarcas galegas, desde Foz ata Ferrol; pois ben, dende ese momento, o BNG, tanto a nivel local, como autonómico e estatal, foi o único partido que sempre defendeu, defende, e defenderá calquera iniciativa que repare o dano ocasionado pola aprobación dun trazado absurdo da Autovía do Cantábrico.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza, sinalando que neste momento, o razoable sería que tódolos partidos e forzas políticas e sociais da comarca, apoiaran as iniciativas, ou a folla de ruta aprobada pola Mesa de Infraestruturas da Mariña, constituída por iniciativa da C.E.L. e se deixaran dunha vez de facer electoralismo a costa dunha obra que é esencial para o desenvolvemento económico da zona.

Polo Sr. Ben Fernández, manifestase que o Grupo Municipal do PSDEG-PSOE está de acordo con todo o manifestado polos portavoces de AVEXO e do BNG, engadindo que a proposta do Sr. Alcalde, é puro electoralismo, como o demostra o feito de que a convocatoria da manifestación coincida practicamente co inicio da campaña electoral das vindeiras Eleccións Xerais.

Remata a súa intervención o Sr. Ben Fernández, manifestando que resulta imposible de entender, que o PP, en 3 meses apoie mobilizacións e manifestacións, cando en tódolos anos nos que tivo responsabilidades de goberno, non só non fixo nada para executa-la obra da V.A.C. Ferrol-San Cibrao, senón que, como xa se dixo neste debate, boicoteou calquera iniciativa que apoiara a execución de dita obra.

Polo Sr. Alcalde reiterase que o único que se pide é que a Xunta respecte o seus propios acordos e compromisos, de xeito que a V.A.C. Ferrol-San Cibrao estea rematada no ano 2011, engadindo que a data do 17 de febreiro, veu determinada polos prazos legais que regulan o dereito á manifestación .

Polo Sr. González Álvarez, manifestase que non ten sentido ningún seguir tirándose os trastes os uns os outros, con acusacións de oportunismo, demagogia ou electoralismo, dependendo de quen, en cada momento ostente as funcións de goberno ou oposición; olvidando que o verdadeiramente importante é lograr que a obra da V.A.C. Ferrol-San Cibrao se inicie e sexa unha realidade o mais rapidamente posible.

Remata a súa intervención o Sr. González Álvarez, sinalando que a maioría, por non dicir a totalidade dos veciños da Mariña, esixen unidade para solicitar ou demandar da administracións, solucións concretas para este tema.

Polo Sr. Fernández Bouza, sinalase que está moi ben as apelacións do portavoz do PP á unidade de acción, pero mais aló das palabras, esa unidade de acción hai que demostrala con feitos, e polo tanto, non tomar iniciativas ó marxe dos acordos adoptados no seo da Mesa de Infraestruturas da Mariña.

Polo Sr. Pernas Rodríguez, reiterase que o Grupo Municipal de AVEXO, deixando ven claro que coma sempre, seguen considerando a execución da V.A.C. Ferrol-San Cibrao, como un fito imprescindible para o desenvolvemento socioeconómico da comarca, non poden , por coherencia e honestidade, apoiar unha proposta que é pura demagogia, puro oportunismo e puro electoralismo.

Polo Sr. Alcalde manifestase que é necesario mirar ó futuro.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, e Fernández Bouza, acordou aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

Os Sres. Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella e Ben Fernández, votaron en contra de dita aprobación.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as catorce horas, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo